



OS VECIÑOS DE MERZA LOITAN POLA SÚA SAÚDE OPOSICIÓN ÁS LIÑAS DE ALTA TENSIÓN PERTO DAS VIVENDAS


Por Tito Soto

Desde finais de setembro os veciños e veciñas da parroquia de Merza (Concello de Vila de Cruces) manteñen-se mobilizados para impedir as obras de instalación da liña de alta tensión Mesón do Bento-Lindoso a través da parroquia.

A liña é instalada pola empresa Redesa e ten provocado reaccións en contra tamén no Carballiño e en Cartelle (vexa-se CÉRNA nº 18) e oposición do movemento ecoloxista polos danos que produce en todo o traxecto e, sobre todo, na serra do Candán.

A loita empezara xa no ano 1993 coa presentación dun recurso de alzada contra a modificación do trazado, que orixinalmente non atravesaba Merza senón unhas canteiras.

Vista do fermoso val da parroquia de Merza ameazado pola liña de alta tensión



Durante estes anos a información recabada veu confirmando o que se temía: as liñas de alta tensión (case 400.000 Vóltios, neste caso) poden provocar diferentes e graves problemas de saúde nun radio de centos de metros.

A decisión de Redesa de instalar as torretas antes de ter unha resolución xudicial obrigou aos veciños (apoiados por colectivos como ADEGA, Sobreira ou o BNG) a concentraren-se no lugar das obras, encerraren-se no Concello e realizar varias manifestacións para chamar a atención das administracións que, sen embargo, prefiren apoiar a Redesa (así o manifestou a Xunta, en resposta a unha pregunta do BNG) e poñer en perigo a saúde de centos de familias. Iso si, a presenza das forzas policiais foi masiva e a súa actitude ameazante (con persoas feridas e detidas) contrasta coa pacífica protesta.

E de destacar que a loita de Merza é unha das primeiras mobilizacións nas que o dereito á saúde é o motivo principal. Moitas casas están potencialmente afectadas polas radiacións electromagnéticas que emitiría a liña no caso de ser instalada e os seus habitantes non están dispostos a escoller entre os riscos para a saúde ou o cambio de residencia. ■